



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Proxectos 1	Código	630G02001	
Titulación	Grao en Estudos de Arquitectura			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo			
Coordinación	Carreiro Otero, Maria Concepción	Correo electrónico	maria.carreiro@udc.es	
Profesorado	Carreiro Otero, Maria Concepción Casabella López, Juan José Di Felice Vázquez, Mario Francisco Mesejo Conde, Mónica Muñoz Fontenla, Luis W Piñera Manso, Guadalupe Rodríguez-losada Allende, Jacobo Vazquez Diaz, Sonia	Correo electrónico	maria.carreiro@udc.es juan.casabella.lopez@udc.es m.difelice@udc.es monica.mesejo@udc.es l.w.munoz.fontenla@udc.es g.pinera.manso@udc.es jacobito.allende@udc.es sonia.vazquez.diaz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Na materia de Proxectos 1 establécese como obxectivo o achegamento ao proxecto arquitectónico. Búscase proporcionar as ferramentas para idear e describir un obxecto arquitectónico, considerando que o pensamento proyectual desenvólvese e exprésase a través do debuxo, linguaxe propia da arquitectura.</p> <p>Trabállase sobre os aspectos básicos da composición e da organización dos obxectos arquitectónicos. Abórdase ademais a descrición da contorna circundante, a relación entre obxecto e a contorna e entre os propios obxectos, así como o relato das partes da arquitectura que estruturan o sistema circulatorio.</p> <p>Destrezas que han de ser adquiridas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Profundar na comunicación gráfica: composición das láminas, aplicación correcta das escalas de debuxo, rotulación e rigor no emprego dos mecanismos de representación proyectual (sistema diédrico, maquetas, perspectivas) 2. Profundar nos mecanismos de composición: liña, plano-superficie, volume. 4. Describir con rigor e precisión o obxecto arquitectónico ideado, os seus partes e a súa relación co lugar no que se asenta. 5. Comprensión e desenvolvemento das partes dos sistemas de circulación dos obxectos arquitectónicos: escaleira, vestíbulo, acceso. <p>O proxecto arquitectónico é o resultado do proceso proyectual (creativo) do individuo, sendo subxectivo e intransferible. A aprendizaxe do proxecto é unha aprendizaxe %ou201Cde acción%ou201D: apréndese a proxectar, proxectando e analizando (debuxando), os proxectos doutros. Apréndese a proxectar como resulta do estudo, a conversación, a reflexión e a observación, o que permite adquirir o coñecemento dos elementos citados, o uso correcto e a interpretación sensible e persoal dos mesmos.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A34	Capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos básicos e de execución, esbozos e anteprojectos. (T)
A39	Aptitude para suprimir barreiras arquitectónicas. (T)
A50	Coñecemento axeitado dos métodos de estudo dos procesos de simbolización, as funcións prácticas e a ergonomía.



A53	Coñecemento axeitado das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas da cultura occidental, así como dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos.
A55	Coñecemento axeitado da relación entre os patróns culturais e as responsabilidades sociais do arquitecto.
A63	Elaboración, presentación e defensa ante un Tribunal Universitario dun traballo académico orixinal realizado individualmente relacionado con calquera das disciplinas cursadas.
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B6	Coñecer a historia e as teorías da arquitectura, así coma as artes, tecnoloxías e ciencias humanas relacionadas con esta
B10	Coñecer os problemas físicos, as distintas tecnoloxías e a función dos edificios de xeito que se dote a estes de condicións internas de comodidade e protección dos factores climáticos, no marco do desenvolvemento sostible
B12	Comprender as relacións entre as persoas e os edificios e entre estes e o seu entorno, así como a necesidade de relacionar os edificios e os espazos situados entre eles en función das necesidades e da escala humana
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultura da sociedade

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aptitude para representar correctamente os elementos da arquitectura e desenvolver un relato coherente dun exercicio proyectual, así como capacidade de representar obxectos e elementos abstractos nas súas distintas situacións nunha relación espazo-temporal.	A50 A55	B1 B2 B3	C3 C4 C6 C8
Capacidade de expor oralmente e de argumentar as formulacións encamiñadas a desenvolver as propostas elaboradas.	A63	B6	C1 C3
Competencia para realizar composicións cos sólidos platónicos e as figuras planas elementais nas que se comprendan, asimilen e desenvolver relacións de carácter sensible desenvoltas a partir dos principios de composición aplicados ao longo do tempo, e en especial polas vangardas artísticas e en relación cos movementos filosóficos, científicos e artísticos contemporáneos.	A34 A39	B10	C5
Capacidade para comprender, assimilar e desenvolver relacións de carácter sensible que se desenvolven a partir dos principios de composición desenvolvidos ao longo do tempo, e en especial ás vangardas artísticas e en relación cos movementos filosóficos, científicos e artísticos contemporáneos.	A34 A50 A55	B12	C7
Capacidade de resolver problemas proyectuales compositivos atendendo a factores diversos, con respostas múltiples, que se han de concretar nunha única proposta final, que ha de ser determinada entre un conxunto.	A50 A53 A55 A63	B6 B10 B12	C1 C8



Contidos	
Temas	Subtemas
Obxecto e contexto	<ul style="list-style-type: none"> - As dimensións antropométricas e a contorna - A Composición - A planta arquitectónica - A sección arquitectónica
O obxecto arquitectónico: circulación e disposición	<ul style="list-style-type: none"> - O obxecto no contexto: interior e exterior - O obxecto como contexto: Tindaya - A escaleira: trazado - A escaleira: disposición
Obxecto e lugar	<ul style="list-style-type: none"> - O debuxo do lugar. - A aproximación ao obxecto arquitectónico. os espazos intermedios. - A imaxe da cidade.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A50 A53 A55 B6 B10 B12 C3 C4 C5 C6	12	12	24
Proba práctica	A34 A39 A50 C1	4	0.5	4.5
Obradoiro	A34 A39 A50 A53 A55 A63 B1 B2 B3 B6 B10 B12 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	47	73.5	120.5
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais na que se introducen as achegas teóricas que permitirán ao alumnado enfrontarse coa materia e desenvolver os traballos e prácticas do taller.</p> <p>Na sesión maxistral explícanse e aclaran os contidos dos traballos propostos. De igual modo, combínanse con correccións colectivas dos exercicios desenvolvidos.</p> <p>Acreditación de asistencia á sesión maxistral: rexistro de apuntamentos ´gráficos nun caderno específico de follas brancas.</p> <p>Horas non presenciais: completar as notas tomadas na sesión maxistral coas consultas bibliográficas, de carácter gráfico ou textual, fotos ou apuntamentos do natural, ou outras técnicas propias da linguaxe arquitectónica.</p>
Proba práctica	<p>Exercicio que permita avaliar o nivel de aprendizaxe. Trátase dun instrumento de medida articulado para avaliar as capacidades e actitudes adquiridas polo alumno en relación á materia.</p> <p>Contido: desenvolver un exercicio análogo aos do curso nun tempo limitado (catro horas).</p> <p>O aprobado da materia require alcanzar o nivel de apto na proba práctica.</p> <p>Preparación da proba práctica: desenvolvemento dos traballos de taller, asistencia ás sesións maxistras, estudo gráfico das obras de arquitectura referencias en cada un dos traballos de taller, revisión do propio traballo.</p>



Obradoiro	<p>O taller de proxectos é a modalidade formativa básica da materia Proxectos 1. O Componse de traballo presencial e non presencial.</p> <p>O traballo proyectual (prácticas individuais e/ou en grupo), complétase con sesións críticas colectivas, debates e comentarios. Nas sesións críticas o alumnado explicará ao conxunto da clase as propostas en desenvolvemento.</p> <p>Nas horas de taller, o alumnado desenvolverá o seu traballo proyectual, co apoio e supervisión do profesorado.</p> <p>Horas non presenciais: revisarase e completará o traballo desenvolvido na aula.</p> <p>Acreditación de asistencia ao taller: entrega do traballo realizado en cada sesión semanal.</p>
-----------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	A atención personalizada forma parte do desenvolvemento da materia, xa que o traballo en taller, o comentario dos traballos en fase de ideación -sesións críticas-, a exposición e crítica dos traballos finalizados, teñen como eixo a atención individualizada.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A34 A39 A50 A53 A55 A63 B1 B2 B3 B6 B10 B12 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Trátase dunha avaliación progresiva, continua e global.</p> <p>Condições para superar a materia:</p> <ul style="list-style-type: none">- entregar o conxunto dos traballos- acreditar a asistencia a clase do 80%. <p>Contidos xerais mínimos dos traballos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Organización da lámina: ordenar os debuxos, as fotos, os textos e outros elementos gráficos.- Selección da información- Coherencia entre proposta e intención.- Rigor na descrición da proposta: adecuación da escala, información suficiente para a súa comprensión, aplicación de criterios arquitectónicos (manexo da luz; orde; ritmo; seriación); coherencia nos debuxos (plantas, alzados, seccións, perspectivas).- Valoración da liña	60
Sesión maxistral	A50 A53 A55 B6 B10 B12 C3 C4 C5 C6	<p>Para poder ser cualificada esta metodoloxía, débese de acreditar a asistencia ao 85% das sesións.</p> <p>Considéranse sesións maxistrais todas aquelas en as que se imparten contidos teóricos, explicacións de traballos e comentarios colectivos, celebrados no horario destinado aos mesmos.</p> <p>As sesións maxistrais rexistraranse nun caderno persoal que será revisado periodicamente.</p>	15



Proba práctica	A34 A39 A50 C1	<p>Desenvolvemento na aula, nunhas condicións horarias definidas, dun exercicio que mostre as habilidades e competencias adquiridas polo alumno en canto aos contidos das materias. O aprobado da materia require unha nota mínima de 5 nesta proba obxectiva.</p> <p>Avaliación da proba práctica: un tribunal formado polo conxunto de vos profesores da materia. Cualificación mínima da proba obxectiva: apto.</p>	25
----------------	----------------	--	----

Observacións avaliación

Requirimentos para APROBAR A MATERIA: A. OPORTUNIDADE DE XUÑO - proba obxectiva, CUALIFICACIÓN MÍNIMA: 5 sobre 10 - NOTA de APROBADO: 5 sobre 10 B. OPORTUNIDADE DE XULLO. - proba obxectiva, CUALIFICACIÓN MÍNIMA: 5 sobre 10 - NOTA de APROBADO: 5 sobre 10

Fontes de información

Bibliografía básica

- Bowkett, Steve (2014). Croquis. Un libro de arquitectura para dibujar. Para arquitectos de todas las edades. Barcelona: Coco Books
 - Carreiro et al. (2004). Proyectos 1. Curso 2003-2004. A Coruña: Universidade da Coruña (consultar Servicio de Reprografía)
 - Carreiro Otero, María (coord.) (2006). Catálogo de puestos de feria : proyectos 1 : curso 2005-2006 (grupo María Carreiro) . A Coruña (consulta en biblioteca ETSAC)
 - Carreiro Otero, María (2006). Los espacios cotidianos: la casa y el lugar. A Coruña: Universidade da Coruña (consultar Servicio de Reprografía)
 - Carreiro Otero, María (2007). El pliegue complejo. La escalera. A Coruña: Netbiblo
 - Carreiro Otero, María (2010). Siete escaleras. Siete casas. A Coruña: Netbiblo
 - Carreiro Otero, María (coord.) (2011). Proyectos 1. Diez lecciones. A Coruña: Universidade da Coruña (consultar Servicio de Reprografía)
 - Ching, Francis D. K. (2013). Manual de dibujo arquitectónico. Barcelona: Gustavo Gili
 - Ching, Francis D.K. (2010). Arquitectura: forma, espacio y orden. Barcelona: Gustavo Gili
 - Ching, Francis D. K. (1999). Dibujo y proyecto. Barcelona: Gustao Gili
 - Ching, Francis D. K. (2011). Una historia universal de la arquitectura: un análisis cronológico comparado a través de las culturas. Barcelona: Gustavo Gili
 - Munari, Bruno (1997). ¿Cómo nacen los objetos?. Barcelona: Gustavo Gili
 - Panero, Julius y Martin Zelnik (2006). Las dimensiones humanas en los espacios interiores. Barcelona: Gustavo Gili
 - Roth, Leland (1999). "Primera parte: los elementos de la arquitectura" en Entender la arquitectura sus elementos historia y significado. Barcelona: Gustavo Gili
 - Unwin, Simon (2003). Análisis de la arquitectura. Barcelona: Gustavo Gili
 - Unwin, Simon (2012). Exercises in architecture: learning to think as an architect. London: Routledge
 - Zell, Mo (2009). Curso de dibujo arquitectónico: herramientas y técnicas para la representación bidimensional y tridimensional. Barcelona: Acanto
- Referencias arquitectónicas: - Le Corbusier "Casa del Artesano" "Cabanon" - Mies van der Rohe..... "Pabellón Barcelona" "Casa Farnsworth" - José Antonio Coderch..... "Casa Rozés" - Lina Bo Bardi..... "Casa de vidrio" "Iglesia do Espírito Santo do Cerrado" - Eileen Gray..... "Tempe a paille" - Manuel Gallego..... "Museo de Arte Sacro" - Kazuyo Sejima..... "Casa Y" - Charles Moore..... "Casa Bonham" "Casa Moore", en Orinda - Anne Tyng..... "Casa Tyng" - Louis Kahn/Anne Tyng..... "Casa de Baños" Trenton - Margarete Schutte-Lihotsky... "Cocina Frankfurt" - Enric Miralles/Carme Pinós... "Cementerio de Igualada" - Carme Pinós..... "Torre de oficinas", L'Hospitalet de Llobregat - Charlotte Perriand..... "Mobiliario" - Aldo van Eyck..... "Juegos" en la ciudad de Amsterdam



Bibliografía complementaria	<p>- Alexander, Christopher (1980). A pattern language un lenguaje de patrones : ciudades, edificios, construcciones. Barcelona: Gustavo Gili</p> <p>- Espegel, Carmen (2008). Heroínas del espacio: mujeres arquitectos en el movimiento moderno. Buenos Aires: Nobuko</p> <p>- Espegel, Carmen (2010). Aires modernos : E. 1027 : maison en bord de mer : Eileen Gray y Jean Badovici, 1926-1929 . Madrid: Mairia</p> <p>- Gombrich, E.H. (2004). Breve historia de la cultura. Barcelona: Península</p> <p>Otras referencias: - Uderzo y Goscinny. "La residencia de los dioses" (cómic) - La pirámide de Keops - Proyecto de Eduardo Chillida para Tindaya - Edward Hopper: pinturas - Francisco de Goya: "Los fusilamientos de la Moncloa o El tres de mayo de 1808 en Madrid" - Donald Judd: esculturas de hormigón - Constantin Brancusi: "La mesa del silencio"</p> <p>Películas: - "Caro diario", de Nanni Moretti - "Al caer el sol", de Robert Benton - "El crack", de José Luis Garci</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xeometría Descritiva/630G02003
Introdución á Arquitectura /630G02005
Debuxo de Arquitectura/630G02002

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Análise de Formas Arquitectónicas/630G02007
Xeometría da Forma Arquitectónica/630G02014

Materias que continúan o temario

Construción 2/630G02020
Proxectos 9/630G02041
Proxectos 8/630G02036
Proxectos 5/630G02021
Proxectos 4/630G02016
Proxectos 3/630G02011
Proxectos 7/630G02031
Proxectos 6/630G02026

Observacións

- A importancia da expresión gráfica require dedicación especial ás materias que a tratan, existindo unha gran vinculación entre a expresión gráfica e os contidos da materia Proxectos 1.
- Destácase a importancia do coñecemento das teorías artística, filosóficas e científicas contemporáneas e que acompañaron o desenvolvemento das vangardas do século XX.
- Requírese curiosidade intelectual e dotes de observación.
- É preciso desenvolver destreza no manexo de maquetas para lograr expresar as intencións arquitectónicas (opacidade, lixeireza, transparencia, contraste, masa/baleiro...).

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías